

Manual de uso do OpenCms UDC

Versión 5.1

Outubro de 2019

Manual de uso do OpenCms UDC

Introdución ao sistema OpenCms. Características xerais e personalización da UDC

Acceder ao sistema e primeiros pasos no entorno. Configuración básica do usuario

Accedendo

Barra menú OpenCms

Información sobre o Modo de edición

Botón Publicar

Botón *Clipboard*

Botón *Añadir contenido*

Botón Galerías

Botón *Información de la página*

Botón de Mostrar / Ocultar dianas

Botón Mostrar menú

Botón *Quick launch*

Botón *User info*

Configuración básica

O editor: editar páxinas xa existentes

Partes do editor

Idiomas

Edición do contido

Edición básica

Edición avanzada

Desfacer e Refacer

Como saír

Edición directa

O mapa do sitio (*Sitemap*): crear novas páxinas

A barra do *Sitemap*

Publicar

Clipboard

Crear página

Select View

Mostrar sólo navegación

Mostrar todos los recursos

Galleries

Compare locales

Mostrar menú

Ver e editar unha páxina

Como crear unha nova páxina

Mover recursos

Mostrar / Ocultar no menú

Renomear recursos (páxina, galería, arquivo)

Borrar recursos (páxina, galería, arquivo)

Cambiar de sitio web administrado

Principios básicos de maquetación e como usalo nas nosas páxinas

A grella

Modo “*Template*” e modo “*Por defecto*”. Usar a “*Fila de diseño*”

Os contidos: que son e como usalos. Tipos de contidos. Configuración dos tipos de contidos individuais.

Exemplos

Sección de contenido

Información de contacto

Secuencia de enlaces

Localización

Galería de imágenes

Slider simple

Slider complejo

Contenido flexible

Redes sociales

Acordeón simple

Acordeón

Lista UDC de contenidos

Mover contidos

As galerías de documentos e imaxes: subir e xestionar os contidos que queremos compartir co mundo

As galerías

Subir contidos desde as galerías

Subir contidos desde a edición dun contido

Reutilización, Reposicionamento e Copiar unha páxina

Reutilizar

Reposicionar

Copiar unha páxina

Novas: creación e modificación

Diferencia entre contido modificado e contido publicado

Accesibilidade

Recomendacións para montar unha páxina

Erros máis comúns

FINAL

Os vídeos para aprender o uso do OpenCms están na seguinte URL:

[Manual de OpenCms](#)

Introdución ao sistema OpenCms. Características xerais e personalización da UDC

O [Opencms](#) é o sistema xestor de contidos que a UDC ten escollido como ferramenta para a publicación de páxinas web dentro da comunidade universitaria. O OpenCMS é un xestor de contido web, de libre distribución dirixido á construción de intranets y de sitios web.

Un xestor de contidos é unha páxina web con algunhas funcións de publicación. Ten unha interface administrativa que permite ao administrador do sitio crear ou organizar distintos documentos.

O xestor de contidos é unha aplicación informática usada para crear, editar, xestionar e publicar contido dixital multimedia en diversos formatos. O xestor de contidos xera páxinas web dinámicas interactuando co servidor web para xerar a páxina web baixo petición do usuario, co formato predefinido e o contido sacado da base de datos do servidor.

Isto permite xestionar, baixo un formato estandarizado, a información do servidor reducindo o tamaño das páxinas para descarga, e o custo de xestión do portal con respecto a un sitio web estático no que cada cambio de deseño ten que ser feito en todas as páxinas web da mesma forma que cada vez que se agrega contido ten que montarse unha nova páxina HTML e subila ao servidor web.

O OpenCms ten as seguintes características:

- Garda todos os seus recursos nunha base de datos, incluída a estrutura das carpetas e as páxinas. Todo se almacena no chamado VFS (Virtual File Sistema)
- Entorno de traballo baseado no navegador
- Publicación protexida (*offline*) e sistema de aprobado
- Editor WYSIWYG (*What you see is what you get* -O que se ve é o que se obtén), polo que non é necesario coñecemento en HTML. Edición directa.
- Editor do mapa do sitio
- Internacionalización. Posibilidade de varios idiomas
- Versións do contido. Recuperación de versións
- Sistema de tratamento de imaxes para axustalas á páxina
- Creación de contidos adaptados para móbil.

Todas estas características están presentes na versión que usa a UDC. Ademais diso fixéronse unha serie de personalizacións para as características propias que ten a Universidade:

- Sistema de xestión de novas
- Sistema de xestión de bolsas
- Cambios no sistema de mega-menú para adaptalo ás particularidades da Universidade
- Personalización da folla de estilos e da imaxe da web segundo a imaxe corporativa UDC.

Actualmente a versión instalada na do OpenCms é a 10.

Páxinas web onde se pode atopar máis información:

- [Opencms](#)
 - [Alkacon](#)
 - [Saga Soluciones](#) (Empresa provedora de OpenCms en España)
 - [Opencms Hispano](#) (ultimamente con pouca actividade)
-

Acceder ao sistema e primeiros pasos no entorno.

Configuración básica do usuario


Accedendo

Para acceder ao OpenCms institucional o único que necesitamos é o noso nome de usuario de Servicios e o noso contrasinal, xa que o OpenCms está integrado no sistema de usuarios LDAP da UDC (Federico).

A URL para entrar é a seguinte:

<https://edicion.udc.es/system/login>

Unha vez que accedemos veremos esta pantalla:



OpenCms

Acceso

Este es un área protegida con contraseña. Introduzca un usuario y contraseña.

Usuario (sin @udc.es): jose.gonzalez.meizoso

Contraseña:

Show options Acceder

OpenCms es software libre disponible bajo la licencia GNU LGPL.
Alkacon OpenCms y el logo de OpenCms son marcas registradas de Alkacon Software GmbH & Co. KG.
© 2002 - 2016 Alkacon Software GmbH & Co. KG. Todos los derechos reservados.

Aquí é onde teremos que poñer os datos antes mencionados, usuario (sen o @udc.es) e contrasinal.

Unha vez que pulsemos Acceder, entraremos no sistema do OpenCms. Realmente entraremos nunha páxina web por defecto que temos definida no noso usuario, e na cal teremos os permisos necesarios para facer modificacións. Nesa páxina web (e en todas as que teñamos permisos) aparecerá unha barra na parte superior da páxina para indicarnos que podemos facer modificacións nesa páxina e ao lado de todos os elementos dentro da páxina tamén aparecerá un indicativo redondo (). Este será tamén o lugar onde temos que deixar o rato para poder ver todas as opcións de edición, configuración, movemento ou eliminación que ten ese determinado elemento.



Barra menú OpenCms

Imos dar unha pequena introdución a cada un dos símbolos que aparecen na barra de edición:



Información sobre o Modo de edición


Editor

Content

(IMAGEN de Sitemap)

Indica o modo no que nos atopamos, ben navegando por contidos, ben editando un contido. Non ten posibilidade de cambio, é só unha información.

Botón Publicar



Este botón serve para pasar un contido dun estado de visualización privada a un estado público (proxecto *Offline* a *Online*). Logo de rematar o proceso o contido pódoo ver todo o mundo.

Publish

☒ Selection: All Workflow: Publish Publicar lista: This page

Page: Presentación


- ☒  Área de Servizos de Información e Xestión de Indicadores
/seinfo/.content/contentsections/cs_00050.xml
- ☒  Área de Servizos de Información e Xestión de Indicadores
/seinfo/

☒ Incluir recursos relacionados
☐ Incluir hermanos


Publish **Cancelar**

Este apartado vaise comentar no capítulo de [Publicación](#)

Botón Clipboard




Aquí móstranse as partes que copiamos dun contido a outro e xestionamos os favoritos. Ao pinchar temos estas ventás:




O seu uso é sinxelo. Os recentes só se poden ver. Os favoritos podemos editalos.

Botón Añadir contenido




É unha das iconas que máis imos usar, xa que permite poñer un contido nunha páxina.

Dependendo da vista que temos activa podemos ver algunha destas dúas ventás:



A forma de usar cada unha ímola ver no capítulo de [Maquetación](#) e no de [Contidos](#)

Botón Galerías



Mostra as galerías asociadas á nosa web. Sempre teñen que existir dúas:

- galeria_imgs -> para as imaxes que vai conter o noso sitio web
- galeria_down -> para o resto dos documentos (.doc, .pdf, .xls etc.)



O uso deste botón ímolo ver no capítulo de [Galerías](#)

Botón Información de la página




Mostra información da páxina web na que nos atopamos.



Se ten un punto vermello é que a páxina está pendente de publicar.

A ventá que sae mostra todos os elementos que usamos na páxina, atributos e enlaces que levan a esa páxina que estamos comprobando:



Botón de Mostrar / Ocultar dianas



Mostrar / Ocultar dianas


Permite ver o noso sitio web sen a barra nin as dianas de OpenCms. Deste xeito podemos ver a páxina igual que a verían os nosos usuarios.

No momento no que pulsamos este botón a páxina móstrase do seguinte xeito:


The screenshot shows the top navigation bar of the University of Coruña website. It includes language links (gl, es, en), a search icon, and the university logo. Below the navigation bar, the main heading is 'Área de Servizos de Información e Xestión de Indicadores'. The content area contains several paragraphs describing the services provided, such as responding to statistical data requests, managing the corporate website, and providing support for the university's information systems. At the bottom of the page, there is a footer with links to 'Localización', 'Aviso legal', and 'Perfil de contratante', along with social media icons for Twitter, Facebook, Instagram, YouTube, and RSS.

Podemos volver ver a barra normal pulsando outra vez no botón de Mostrar / Ocultar dianas

Botón Mostrar menú




Abre o menú con diversas opcións: cambiar de sitio, propiedades e información da páxina, cambiar entre a vista *template* e a normal etc.




Neste menú case non imos usar ningunha opción, excepto o de cambio de Vista. Isto ímolo ver no capítulo de [Maquetación](#)

Botón *Quick launch*




Permite cambiar entre os dous modos que ten o OpenCms de visualizar o noso sitio web: *Page Editor* e o *Sitemap*.




O modo de *Page Editor* é o habitual de traballo no que navegamos de xeito idéntico a un usuario final, pero as páxinas que nos pertencen podémolas editar e facer cambios (capítulo de [Edición](#) e [Edición directa](#)).

O modo de edición *Sitemap* ímolo ver no capítulo de [Sitemap](#).

Botón *User info*




Mostra o menú de usuario onde temos os nosos datos e podemos editar a configuración. Tamén aparece o botón de saída (*Cerrar sesión* ou *Logout*) que é o que temos que usar sempre para saír de OpenCms.




Configuración básica

Unha vez vistos todos os botóns, o primeiro que imos facer dentro da contorna do OpenCms é entrar no apartado de Preferencias (*Preferences* a primeira vez que entramos) dentro da icona de Información de Usuario (*User Info*).

Premendo en Preferencias entramos na páxina de preferencias onde debemos deixar as opcións por defecto. En opcións avanzadas comprobamos que a linguaxe sexa "*español*" (por ser a que ten máis parte traducida desde o inglés) e que a carpeta de comezo sexa a correcta. ("*Comienzo con carpeta*")





O resto das opcións convén deixalas por defecto, sobre todo para o uso deste manual no que imos traballar coas opcións así. De feito no traballo habitual non é necesario cambiar ningunha opción máis.

O editor: editar páxinas xa existentes

Tal como comentabamos antes, cada parte editable dentro do OpenCms ímola distinguir por un símbolo en forma de diana (🎯) que aparece na esquina deses elementos. Unha vez que nos paramos co rato enriba dese símbolo, aparece un menú coas posibles opcións que afectarán á area seleccionada en vermello:

Área de Servizos de Información e Xestión de Indicadores



Editar






A Área de Servizos de Información e Xestión de Indicadores ten como función prioritaria responder as continuas solicitudes de datos estatísticos e demanda de información dos distintos aspectos desta universidade, procedente dos membros da comunidade universitaria, das distintas institucións públicas e da sociedade en xeral.


Deste xeito amósase coma a canle adecuada para recoller toda a información e os datos xerados pola universidade e, despois do tratamento e informatización destes, establecer un Sistema de Información Global que, utilizando as novas tecnoloxías da información e as comunicacións, permita ofrecer de maneira áxil unha panorámica xeral completa, sinxela e permanentemente actualizada da UDC.

Outra das funcións máis salientables do Seinfo é a referida á web institucional da UDC, xa que se ocupa da publicación dos seus contidos corporativos. Entre as súas tarefas está ademais a de proporcionar acceso ao xestor corporativo OpenCms para a creación de portais web de órganos ou entidades pertencentes á universidade, dando soporte tanto na elaboración de webs aloxadas como do propio xestor corporativo OpenCms.

O grupo de desenvolvemento analiza e implementa software para a integración e visualización de información corporativa transversal a toda a UDC, que inclúe o desenvolvemento de servizos de información (servizos web) de orixes de datos corporativos, servizos de integración con fontes de administracións públicas, aplicacións de xestión como apoio a outras áreas dos SIC e creación de portais de información corporativos.

Por último, o Seinfo é o encargado de dar soporte informático para a emisión da tarxeta universitaria.


Captura	Uso
	Elimina un contido. Pregunta antes de eliminalo.
	Engadir a favoritos.
	Permite cambiar a <u>configuración dun contido</u> .
	Información do elemento.
	Mover en la página. Permite cambiar de posición un contido.

Captura	Uso
	Entra na ventá do editor.

A explicación de cada unha destas opción témola no capítulo de [Contidos](#).

A opción que imos ver aquí é a de "Editar", que será unha das máis usadas. Premendo nela entramos no editor de contidos.

Partes do editor



Este é o tipo de contido máis habitual. Por agora non sabemos que tipos de contidos hai (en [capítulos posteriores](#) poderémolos ver en detalle cada un dos tipos de contido) e por iso imos empezar vendo este. Noutro tipo de contidos os elementos e a súa disposición variará. No capítulo de [Tipo de contidos](#) veremos cada ventá por separado.

Para o tipo de contido *Seccion de contenido* vemos que na parte superior segue existindo unha barra con diferentes accións. Debaixo da barra vemos que xa temos distintos cadros que podemos editar:

- **Título.-** É o título da páxina e o texto que vai, en xeral, na parte superior de cada páxina. Este texto non debe ir nunca todo en maiúsculas.
- **Teaser.-** É un subtítulo, unha ampliación da información que da o título
- **Texto.-** É o corpo da páxina. Ao entrar na zona de edición aparece unha nova barra que nos vai permitir facer todas as operacións sobre o texto da páxina (vémolos despois máis polo miúdo)
- **Imagen.-** Cada contido pode levar asociada unha imaxe que logo se pode usar de diferentes maneiras segundo configuremos ese contido (vémolos máis adiante)
- **Enlace.-** Unha ligazón que aparecerá ao final da páxina. Esta ligazón será única e aparecerá ao final do texto da páxina. Cómpre lembrar que esta non é a única forma de poñer enlaces e só se usará en contadas ocasións (cando o enlace sexa representativo de todo o contido do texto, por exemplo)
- **Título de la galería.-** Non hai que cambialo en ningunha ocasión. Non documentada.

Podemos entrar en cada apartado e facer os cambios que queiramos.

Idiomas

gallego

Dentro de cada páxina temos a posibilidade de poder usar varios idiomas. Inicialmente todas as páxinas se crean coa versión en galego, pero unha vez creada podemos facer uso de dous idiomas máis: español e inglés.

MOI IMPORTANTE: No momento en que decidamos usar cada un dos idiomas, creárase unha versión da páxina tal como está nese momento e a partir de entón serán dúas páxinas independentes, é dicir, os cambios que se fagan nun idioma hai que facelos en todos os idiomas que se usen.

Se ao lado do idioma hai un guión (-) iso significa que esa versión da páxina non existe, é dicir, que esa páxina non está nese idioma. Por exemplo:




Neste caso esta páxina web ten dúas versións, a de galego e a de español. Cada vez que se faga un cambio en galego temos que facer o cambio en español para que non existan diferenzas coas páxinas.

Se queremos borrar unha páxina dun determinado idioma só temos que seleccionar ese idioma e premer a icona de "Delete locale" ()

Se queremos copiar o contido da páxina actual noutras linguas seleccionamos esa lingua e prememos a icona "Copiar locale" (). Os idiomas que non existan, créanse. Con isto temos todo o contido do idioma inicial respectando o formato orixinal, ligazóns etc. mais agora temos que traducilo.

Edición do contido

Ao entrar no apartado "Texto" aparece unha nova barra que nos vai dar facilidades para editar o contido da nosa páxina web:



Edición básica

A liña superior contén as opcións básicas de edición (copiar, pegar, negra, itálica, subliñado, tachado, sub e superíndice, alinear, listaxes numeradas e sen numerar, sangrías) que son comúns a todos os editores de texto e o seu uso é similar.

Hai un botón especial () que ten como misión eliminar todos os estilos que se teñan aplicado no texto, deixando o texto plano. Isto ten utilidade cando copiamos e pegamos directamente dunha páxina web ou dun documento xa formateado. Unha vez que o apliquemos o texto deixará de ter estilos e teremos que formatealo de novo. Esta operación conséguese do mesmo xeito se no momento de pegar o texto usamos MAIÚSCULAS+CTRL+V en lugar de CTRL+V.

Edición avanzada

Da barra inferior imos tratar cada un dos botóns por separado:


- Botón de *Estilo* (): permite seleccionar o estilo do parágrafo no que nos atopamos. Hai oito opcións: parágrafo (formato normal), encabezamentos do 1 ao 6 (para resaltar os títulos dos diferentes apartados, moi importante para unha [web semántica](#)) e preformateado (unicamente para textos que son cun estilo de tipo de letra fixo, por exemplo un código fonte dun programa).
- Botón de *Insertar / editar enlace* (): permite engadir ou modificar un enlace dentro da nosa páxina. Cando o pulsamos sae a seguinte pantalla:

A URL é o destino a onde nos levará o enlace ao pulsalo. O "Texto para mostrar" é texto que ten o enlace, o que antes seleccionáramos. O "Título" é unha descrición do enlace (moi útil por temas de [accesibilidade](#)). O "Destino" indica se o enlace destino se abrirá na mesma ventá ou nunha nova (recomendamos que os enlaces que vaian fóra da UDC se marquen para abrir nunha nova ventá).

- Botón de *Ancla* (): é un recurso que se usa cando unha páxina é moi grande e necesitamos enlaces entre as distintas partes dunha mesma páxina. Con este botón definimos o nome do marcador / áncora. Se usamos algún tipo de marcador, despois podemos referencialo cun enlace, xa que na ventá de *Insertar / Editar enlace* aparecerá una nova liña:

que nos permite ir a unha áncora definida.

- Botón de *Quitar enlace* (): isto elimina un enlace.
- Botón de *Galería de Imáxenes* (): este punto explícase no apartado de [Subir contidos e imaxes](#). Unha vez inserida a imaxe, pódense facer manipulacións de tamaño, de aliñación, podemos poñerlle un enlace (aínda que isto non é moi recomendable por temas de [Accesibilidade](#))
- Botón de *Galería de Descarga* (): este punto explícase no apartado de [Subir contidos e imaxes](#).
- Botón de *Tabla* (): permite introducir e modificar unha táboa na nosa páxina web. As táboas deben usarse só para información tabular (os datos dunha estatística, por exemplo), non para maquetar (ver [Accesibilidade](#)). Ao principio é necesario especificar unhas filas e unhas columnas. Despois xa podemos editar a táboa directamente ou co botón esquerdo do rato.
- Botón de *Carácter especial* (): abre unha ventá para poder escoller algún carácter que normalmente non está no teclado.



- Botón de *Imprimir* (): permite facer unha impresión do texto que estamos a editar.
- Botón de *Pantalla completa* (): maximiza á área de traballo para o texto. Non sae a barra de edición de texto. Para saír hai que usar o botón de volver atrás do navegador. Agora xa non é unha opción moi recomendada.
- Botón de *Cita* (): úsase para distinguir unha cita textual de alguén. É un botón que se aplica a un parágrafo e fai que ese parágrafo teña un estilo diferente (sangrado). Non debe usarse para aplicar un formato visual diferente senón só como una cita textual (ver [Accesibilidade](#)).
- Botón de *Línea Horizontal* (): insire unha liña horizontal no texto.
- Botón de *Corrector Ortográfico*: non está activo.

Nesta ventá de edición sempre poderemos usar o botón dereito do rato para acceder máis rapidamente a algún elemento (táboas, enlaces).



Cómpre mencioná un botón que se atopa na barra superior, pero que pertence á edición avanzada. Este é o botón de *Código fonte* (), que nos permite editar directamente os códigos HTML da páxina, podendo facer funcións especiais ou comprobar se o código é correcto (para atopar posible fallos). **NOTA IMPORTANTE:** este botón débese de usar con coidado e só en casos de auténtica necesidade, xa que moitas das funcións que podemos usar na nosa páxina web veñen incluídas como algún tipo de contido.

Desfacer e Refacer

Na barra da parte superior da páxina sempre van estar presentes os botóns de desfacer () e o de refacer () que nos permiten volver atrás se nos equivocamos nalgunha operación ou volver aplicala se pensamos que realmente é correcta.


Como saír

Unha vez rematado o traballo podemos saír da páxina de tres xeitos:

- Saír sen gardar os cambios () Con esta opción perdemos todo o traballo de edición feito. O OpenCms pregunta se queremos saír e perder os cambios. É útil se nalgún momento nos damos conta de que nos equivocamos de páxina a editar, por exemplo.
 - Saír gardando os cambios () Con esta opción saímos do modo de edición da páxina gardando todos os cambios que fixeramos, pero sen publicar, é dicir, só nós podemos ver eses cambios, o resto dos usuarios non. No medio da edición podemos usar tamén a icona que está ao seu lado () para gardar os cambios feitos pero podemos seguir modificando.
 - Saír e publicar os cambios () Con esta opción gravamos os cambios e ao mesmo tempo estes quedan publicados, é dicir, todos os usuarios poden ver a nova páxina cos cambios aplicados. Podemos ver máis sobre isto no capítulo de [Publicación](#).
-

Edición directa

Cando o tipo de contido o permita estará dispoñible o que OpenCms denomina Edición Directa (non todos os tipos de contido son aptos para a edición directa). Cando un tipo de contido permita esta opción aparecerá unha icona () cando pasemos sobre el. Se estando activa esta icona pinchamos sobre un contido, permitiranos facer cambios de xeito máis directo que entrando na ventá de edición. Este é o exemplo ao entrar en edición directa sobre unha sección de contido:



Como se ve temos unha barra na parte superior que mantén case todas as opcións que tiñamos coa edición en ventá, exceptuando algunhas. O funcionamento é o mesmo.

A barra superior tamén cambia o aspecto:



e basicamente o que conserva son as opcións para saír sen gravar, gravando ou publicando. Neste caso a icona do lapis () serve para entrar na edición en ventá.


NOTA IMPORTANTE: cada un dos idiomas ten que editarse por separado.

O mapa do sitio (*Sitemap*): crear novas páxinas

Pulsando a icona de *Quick Launch* na barra superior do OpenCms ábreanse dúas opcións que nos van permitir cambiar a forma de ver o noso sitio web. A primeira, tal como vimos, é a forma normal de uso na que imos vendo e navegando o sitio web como un usuario podendo editar as páxinas sobre as que teñamos permiso. Pero neste modo de traballo unha das cousas que non podemos facer é borrar unha páxina, nin crear novas páxinas.

O outro modo, o modo *Sitemap*, permítenos ver o noso sitio web doutro xeito. Aquí imos ter máis control sobre as páxinas, podendo facer operacións tales como:

- Crear novas páxinas.
- Copiar páxinas.
- Borrar páxinas.
- Ordenar o xeito no que saen no menú e incluso ocultándoos.
- Ver toda a estrutura do sitio en forma de árbore.
- Poder navegar polas ramas, incluídas as galerías.
- Engadir galerías ás xa existentes.
- etc.



A barra do *Sitemap*

A barra superior agora cambia e temos unha serie de botóns que imos explicar.



Publicar



Permite publicar todo o noso sitio web. O OpenCms fai un percorrido por toda a estrutura para ver o que está pendente de publicar. Non é moi recomendable usalo xa que a carga sobre o servidor é moi grande e ademais perdemos control sobre o que imos publicando.

Clipboard




Funciona do mesmo xeito que no modo de edición. Déixanos ver os nosos recortes e os favoritos.


Crear páxina




Desde aquí accedemos a un menú onde nos vai permitir crear algún tipos de contido. Para colocalo nalgún lugar temos que poñernos co rato sobre o tipo que queiramos crear, pinchamos co botón dereito do rato sobre a icona de "Mover a la página" () e sen soltala buscamos o lugar onde queremos creala e alí soltamos o botón esquerdo do rato. Unha vez no seu sitio o primeiro que debemos facer é poñerlle un título a esa nova páxina.



NOTA IMPORTANTE: neste menú sempre debemos seleccionar a opción de UDC Base Interior, xa que é a que se está usando para as páxinas web aloxadas no OpenCms.




Esta pestana consérvase por temas de mantemento do OpenCms. Aquí non podemos usar nada.



Nesta pestana pódese usar tanto o *HTML Redirect* como o *Navigation Level*.

Con *HTML Redirect* podemos crear unha entrada no menú que faga unha redirección a unha páxina (normalmente fóra da UDC). Despois de crear a páxina e darlle un título podemos editar esa redirección a través do menú desa liña.




htmlredirect
/seinfo/para-curso/htmlredirect [en]

Link



Type
Temporal


En "Link" poñemos o enlace destino a onde queremos chegar ao pulsar nesa opción. Podemos usar a icona da carpeta () para navegar polos nosos contidos

A opción de *Navigation Level* serve para engadir un novo subnivel á nosa estrutura da web. Non é moi práctico xa que coa opción de "Crear páxina hija" do menú de navegación conseguimos o mesmo pero coa páxina índice xa creada.

Select View




Permite cambiar entre os distintos xeitos de ver o noso mapa web.



Imos ver cada tipo por separado.

Mostrar sólo navegación


A primeira é o modo de navegación (a selección por defecto)



e permítenos ver o mapa do sitio web para navegar por el, para crear novas páxinas, para mover as opcións do menú, ocultar ou visibilizar, borrar, renomear etc.

Mostrar todos los recursos


Nela accedemos a esta pantalla:



Desde aquí podemos ver todos e cada un dos recursos do noso sitio web: páxinas, imaxes, documentos etc. Abrindo o menú que aparece en cada liña () poderemos ver Información, Propiedades ou Borrar ese elemento. Nas carpetas tamén permite as opcións de "Show in Navigation" ou "Hide in Navigation" que imos ver un pouco máis adiante (Mostrar / Ocultar no menú). Nesta vista a icona de creación () está desactivada.

Galleries

A seguinte opción é a das galerías. Premendo o botón accedemos á seguinte pantalla:



Aquí podemos navegar polas galerías, crear novas galerías, ver as propiedades (podendo incluso renomealas) e incluso borrar unha galería (cos seus contidos). Nesta vista podemos usar a icona de Crear () para engadir unha nova galería. Temos que ter moito coidado de crear correctamente as galerías do tipo correspondente baixo cada un dos tipos usados:


- Galerías de imaxes dentro de `_galeria_imgs`.
- Galerías de descarga dentro de `_galeria_down`.

Compare locales

É a última das opcións. Serve para comparar diferentes versión de idioma. Non está activa.

Mostrar menú

 Accede a diversas opcións sobre o mapa do sitio



No noso traballo diario non imos necesitar ningunha das opcións que aquí aparece.


Ver e editar unha páxina

Para ver calquera páxina da nosa árbore de estrutura o que temos que facer e pinchar sobre a icona de "Mostrar páxina" () que nos abre a páxina en modo *Page editor* e aí xa podemos editala como de costume (véxase [Editar páxinas](#)).

Como crear unha nova páxina


Para crear unha nova paxina temos dúas opcións:

- Desde o menú crear na barra do *Sitemap* () seleccionando o tipo que queremos dentro dos permitidos, pulsando sobre a icona de mover á paxina () e colocalo onde nos interese. Isto permite crear páxinas debaixo dunha carpeta xa existente.
- Desde a árbore do noso sitio web ("Mostrar sólo navegación" en *Select View*) e mover o rato enriba da carpeta onde queremos que se atope a nova páxina. Pinchamos no menú () e seleccionamos "Crear página hija". No modelo seleccionamos "UDC Base interior"



Poden darse dous casos: se existen xa outras páxinas fillas colgando da páxina escollida, créase unha nova; se é a primeira páxina filla, vai converter a páxina inicial en carpeta e engade unha nova páxina. Isto crea unha nova carpeta coa páxina índice no seu interior que se vai engadir ao menú.

En calquera dos dous casos o primeiro que temos que facer e cambiar o nome da páxina (inicialmente ponlle o xenérico "page"). Despois de crear a páxina toca montar a súa estrutura e poñerlle contidos. Para iso temos que pinchar sobre a icona de mostrar páxina:



que nos leva á edición da páxina. Como neste caso está baleira temos que empezar a maqueta. Isto vese no capítulo de [Maquetación](#) e no capítulo de [Usar a Fila de deseño](#). Unha vez maquetada xa podemos poñerlle contidos (iso vémosto no capítulo de [Contidos](#)).

Mover recursos

Para mover ou ordenar as páxinas dentro da nosa estrutura web o que temos que facer e colocarnos na vista de navegación ("Mostrar solo navegación" en *Select View*), colocarnos co rato sobre calquera fila e buscar a icona de mover (), pinchar sobre ela co botón esquerdo e, sen soltar, mover ao lugar de destino, soltando o botón esquerdo. Unha vez no novo lugar as opcións do menú xa cambian de xeito automático.

Mostrar / Ocultar no menú

Para mostrar ou ocultar unha páxina dentro do menú do noso sitio web o que temos que facer é situarnos na páxina que queiramos cambiar, abrimos o menú () e alí seleccionar "Hide in Navigation" ou "Show in Navigation" segundo queiramos ocultar ou mostrar. Se a páxina na que facemos o cambio ten páxinas fillas o único xeito que temos para chegar a elas vai ser a través de enlaces nalgún lugar dalgunha outra páxina, xa que no menú non van poder saír.

Un páxina que se quite de navegación aparecerá con un gris apagado na árbore.



Toda páxina que se quite de navegación non aparecerá no menú. Para volver incluíla no menú só temos que volver usar o mesmo botón, pero coa opción "Show in Navigation".

Renomear recursos (páxina, galería, arquivo)

Temos dúas opcións para cambiar o nome dunha páxina ou dun recurso en calquera das vistas do *Sitemap*.

A primeira sería a de cambiar directamente na árbore, no momento no que aparece unha icona dun lapis (



) podemos pinchar e cambiar o título. O problema é que esta opción non ten porque aparecer

para todos os recursos. Aparte diso o único que conseguimos deste xeito é cambiar o título da páxina, non o da carpeta onde se aloxa (é a ruta que aparece en letra máis pequena xusto debaixo do título) e pode darse o caso de que nos interese tamén cambiar o nome desta carpeta, xa que é a que sae na barra de navegación do noso navegador como a ruta URL da páxina.

A segunda das opcións si que funciona para todos os recursos e por riba é máis completa, xa que podemos cambiar máis cousas. Accédese a través do menú que aparece ao colocarnos sobre calquera liña (). Una vez aberto o menú seleccionamos "Propiedades".

Propiedades básicas	
Localización /seinfo/localizacion/	
Nombre del fichero	localizacion
Título en galego	Localización
Descripción	Área de Servizos de Información e Xestión de Indicadores
Texto de navegación en galego	Localización
Palabras clave	Universidade da Coruña, universidade, facultades, departamentos, investigación, bolsas, ca
Título en español	Área de Área de Servizos de Información e Xestión de Indicadores
Texto de navegación en español	Localización
Título en inglés	Area for Information and Management of Indicators
Texto de navegación en inglés	SEINFE
Apollo Theme CSS	udc

Aquí xa podemos cambiar as propiedades de nome do arquivo, título en galego, descrición, texto de navegación en galego, título en español, texto de navegación en español, título en inglés, texto de navegación en inglés. As palabras clave non se usan no OpenCms polo tanto déixanse por defecto. O resto hai que deixalo por defecto (deixalas co contido na cor gris). Aquí convén aplicar un principio de coherencia co tema dos idiomas, é dicir, usar só aqueles idiomas que temos na nosa páxina (no caso da captura da parte superior estase a usar galego e español, por iso se cambian os dous textos de navegación).

NOTA IMPORTANTE: cómpre recordar que os textos de navegación son os que saen na barra de menú de navegación da nosa páxina.

Borrar recursos (páxina, galería, arquivo)

Para borrar un recurso calquera dentro da nosa árbore temos que abrir o menú () e pinchar sobre "Borrar". Pídenos unha confirmación.

Cambiar de sitio web administrado

Se somos editores en varios sitios webs diferentes, desde o *Sitemap* podemos cambiar o sitio web que editamos en cada momento.

Para iso temos que ir á paxina principal do *Sitemap* e pulsar sobre a icona de "*Mostrar sitemap padre*" ()
. Na ventá saen todos os sitios webs administrados. Para abrir un diferente temos que pulsar sobre a súa carpeta ( ou ) abríndose o *Sitemap* seleccionado.

Principios básicos de maquetación e como usalo nas nosas páxinas


No momento de crear novas páxinas no OpenCms temos que tomar decisións sobre como van estar ordenados os contidos dentro da nosa páxina. No caso dunha páxina básica non hai moito que decidir xa que será texto e como moito unha imaxe que acompañará a ese texto. Pero no caso de querer facer unha páxina máis complexa, por exemplo unha páxina que faga de portal de entrada, é o momento de entender como funciona o sistema de posicionamento que usa OpenCms.

Para entender como funciona o modo "*Template*" do OpenCms temos que pensar que a construción dunha páxina web hai que dividila en dous momentos: dunha banda a maquetación (creación da estrutura) e doutra poñer contidos nesa estrutura. A maquetación témola que ver como a montaxe dunha estrutura para que despois poidan ir os contidos (capítulo de [Contidos](#)).

A partir de agora imos ver que unha páxina web vai ter filas e columnas. O número de filas pode ser todo o grande que queiramos pero o número de columnas está limitado a 12. Con isto creamos unha grella coa que imos traballar a partir de agora.

A grella

Esta grella vai ser a nosa base para poder posicionar todos os nosos contidos nunha mesma páxina e ao mesmo tempo vai ser a que permita que esa páxina se poida ver en diferentes dispositivos.




A filosofía desta grella é a de dividir o ancho de calquera páxina web en 12 partes (espazos) de tal xeito que poidamos dividir cada unha das filas en columnas, que serán conxuntos deses 12 espazos.

col-md-1	col-md-1	col-md-1	col-md-1	col-md-1	col-md-1	col-md-1	col-md-1	col-md-1	col-md-1	col-md-1	col-md-1
col-md-8								col-md-4			
col-md-4				col-md-4				col-md-4			
col-md-6						col-md-6					

lg > 1200px width

12 COLUMNS 30 PX GUTTER 15 PX MARGIN




Se o noso contido ocupa todo o ancho podemos dicir que ocupa as 12 columnas. Se queremos dúas columnas usaremos a división de 6 - 6 columnas. Se queremos un espazo máis ancho á esquerda e un máis pequeno á dereita podemos usar, por exemplo, una división 8-4. Se queremos espazos pequenos podemos optar por un 3-3-3-3 con catro espazos de 3 columnas cada un.

Aquí temos que pensar que estas divisións non teñen que ter todas contido. Algunha poder estar baleira para proporcionar un espazo en branco que pode ser útil á hora de organizar espazos.

Á vista desta división nós temos que ver como montamos as diferentes partes da nosa web, primeiro vendo os espazos e despois enchendo eses ocos con contidos.

Imos ver un exemplo práctico.



Aquí vemos como toda a páxina web está descomposta en filas segundo o que se quere contar en cada parte da páxina, e logo cada fila está dividida en columnas segundo as posibilidades, con filas que van de todo o ancho (12), algunhas con dúas columnas (6-6) e outras de tres columnas (3-6-3).

Este traballo de división da nosa web debería ser previo a comezar coa edición, xa que no momento de empezar a colocar as filas xa deberíamos ter claro como vai ser a división en columnas de cada apartado e onde ten que estar colocada cada parte.

Unha vez que xa temos decidido como vai ser o noso sitio web xa podemos empezar coa maquetación en OpenCms. E iso ímolo ver no seguinte capítulo, usar o modo "*Template*" e a "*Fila de diseño*"

Modo "Template" e modo "Por defecto". Usar a "Fila de diseño"

Cando creamos unha nova páxina web non ten nin estrutura nin contidos, así que o primeiro que faremos é decidir a estrutura, seguindo os principios que vimos no capítulo de [Maquetación](#).

Para este exemplo imos crear unha páxina simple que ocupe todo o ancho e que teña unha Sección de contido (unha páxina básica).

Unha vez creada a páxina no *Sitemap* (e renomeada) temos que pinchar no botón de "Mostrar páxina" (




) para ir ao editor de páxinas, igual que no capítulo de [Edición](#). O que pasa é que agora está todo

baleiro. Aquí é onde podemos recordar o código de cores que usa OpenCms, xa que nos vai servir de referencia para saber en que parte do proceso estamos. A cor salmón (dependendo dos monitores pode ser outra, pero nunca azul) indica que a páxina está totalmente baleira, non ten nin estrutura nin contidos.




O seguinte é ir ao menú (☰) e escoller *Vista / Template*.



Aparentemente non pasou nada, pero agora o OpenCms está en modo "Template" para a edición da plantilla, que é onde decidimos a estrutura da páxina, e dicir, como vai estar maquetada.

Agora pinchamos na variña máxica (✦✦✦) de *Añadir Contenido* e logo pinchamos sobre "Fila de diseño":



NOTA IMPORTANTE: Pode ser que ao abrir esta ventá non saia nada. Isto débese a que polo traballo normal, vanse aplicando filtros ás buscas que afectan tamén a este modo de traballo. Para eliminar os filtros hai que ir pulsando nas aspas ata ter o mesmo que na ventá superior.



Cando pinchamos sobre "Fila de diseño" ábrese a mesma ventá pero con moitas opcións para esa "Fila de diseño":

Aquí temos todas as posibilidades que podemos usar para maquetar a nosa fila:


- *Fila (row) de 1 columna (12 - Completo)* -> Colle todas as marxes de esquerda a dereita
- *Fila (row) de 2 columna (6-6)* -> Divide a páxina á metade
- *Fila (row) de 2 columna (4-8)* -> Dúas partes, a dereita máis ancha.
- *Fila (row) de 3 columna (4-4-4)* -> División en tres partes iguais
- *Fila (row) de 3 columna (2-8-2)* -> Columna central máis ancha e dúas laterais pequenas
- *Fila (row) de 4 columna (3-3-3-3)* -> División en catro partes iguais
- etc

Hai moitas combinacións que non existen, pero con estas deberían ser suficientes.


Para usar unha combinación só temos que colocarnos co rato sobre a combinación escollida, aparece unha icona de mover á páxina (), pinchamos sobre ela co botón esquerdo e sen soltar levámolo ata onde queiramos. O OpenCms irá indicando con cambios de cor ou de cadro vermello a posibilidade de poñer ou non un contido nun lugar concreto. Unha vez decidamos que está no seu lugar soltamos o botón esquerdo e a fila xa cambia indicando a nova disposición:

Aquí xa indica que temos unha *Fila (Row) de 1 columna (12 - completo)*. Tamén se produce un cambio de cor, que pode servir de axuda á hora de ver dunha ollada se unha páxina xa ten a división ou non. A cor que debería ter agora é a de azul claro, indicando así que xa existe unha estrutura pero que aínda non ten contidos.

Neste momento xa temos creada unha estrutura mínima onde poder poñer contidos. O seguinte paso será poñer eses contidos. Para iso abrimos outra vez *Mostrar menú* (☰) e pinchamos sobre Vista / Por defecto.




Con isto deshabilitamos o modo *Template* e xa podemos engadir contidos nos espazos que conseguimos coa fila de deseño. Para iso volvemos usar a variña (✎) de engadir contido e xa vemos que agora saen os distintos tipos de contidos.




NOTA IMPORTANTE: ao igual que vimos antes coa fila de deseño, pode darse a circunstancia de non ver os contidos por culpa dos filtros aplicados. Quitámoslos do mesmo xeito:



Para poñer o contido que queiramos colocamos o rato enriba do contido, pinchamos co botón esquerdo sobre a icona de "Crear nuevo contenido" (🗄), sen soltar arrastramos sobre o lugar de destino e unha vez alí soltamos o botón esquerdo. O contido xa está colocado e listo para poder editarse. Neste momento tamén se produce un cambio na cor, pasa de ser azul claro a azul escuro. Iso indica que agora xa existe estrutura e que esta ten contidos, pero os contidos están baleiros, sen editar. Dependendo de como teñamos estruturada a nosa páxina pode darse o caso de que algún oco ou ocos da mesma páxina estea de cor azul claro e outro (ou outros) de cor azul escuro. Iso só significa que quedan espazos en branco sen encher, pero que tamén se poden deixar así, conseguindo precisamente que nese lugar o xestor deixe un espazo en branco.



A primeira vez que creamos un contido cando imos á diana () esta vai mostrar un menú un pouco diferente, xa que só imos poder borrar, mover e editar.



Neste caso pinchamos en "*Editar*" e xa entramos na edición da páxina tal como vimos no capítulo de [Edición](#).

Este foi un exemplo básico de como facer unha primeira páxina desde cero. A partir de aquí xa podemos crear páxinas máis complexas, varias filas en diferentes disposicións, con outros tipos de contido etc.


Os contidos: que son e como usalos. Tipos de contidos.

Configuración dos tipos de contidos individuais. Exemplos


Os contidos son a parte visible da nosa páxina web. Tal como vimos antes o modo *Template* serve para crear unha estrutura, pero esa estrutura é necesario enchela cos contidos que nos ofrece o OpenCms. Neste capítulo imos facer un repaso rápido do que nos podemos encontrar en cada un dos tipos de contido, o uso habitual e como poder modificalo.

Dentro do OpenCms temos diferentes tipos de contidos que podemos usar e cada un deles ten unha serie de posibilidades de configuración. Nesta listaxe que vén a continuación imos mostrar as ventás básicas de cada tipo de contido así como as ventás de configuración.

Para acceder á edición do contido temos que usar esta icona:



E para acceder á configuración temos que usar esta icona:



Agora mostramos a listaxe de contidos dos que podemos facer uso.

Sección de contenido

É o tipo de contido básico. Consiste nun corpo de texto cun título e unha imaxe asociada e dentro do texto poden ir máis imaxes, enlaces a documentos etc.

Pagina Base UDC: Primera pagina
`/seinfo/.content/contentsections/cs_00090.xml [gl]`

Título

Primera pagina

Teaser

Con subtítulo

Texto

Aquí van los contenidos

Imagen

Enlace

Título de la galería

Neste contido podemos poñer unha imaxe representativa de toda a páxina:

Imagen

Ruta de la imagen

Título

Copyright

e un enlace que sae destacado ao final da páxina:

Enlace

Texto

Destino

☐ Abrir en nueva ventana

A ventá de configuración sería esta:

Configuración del elemento

Pagina Uno: Primera pagina
/seinfo/.content/contentsections/cs_00090.xml

Formatters
Título, imagen y texto

Settings

Contenedor de CSS	(no seleccionado)
Estilo de título	Subrayado
Tamaño del título	Normal
Estilo de texto	Plano
Mostrar link	☒
Efecto de imagen	Sin efecto
Mostrar enlace de la imagen	Sin enlace
Mostrar subtítulo de la imagen	Sin subtítulo
Mostrar copyright de la imagen	☐
Mostrar texto de la imagen	☐

OK Cancelar

Este tipo de contido é moi flexible e permite bastantes configuracións, especialmente a de *Formatters* que nos ofrece moitas opcións diferentes:

▼

Formatters

Título, imagen y texto

▼

Título, imagen y texto

Título arriba, imagen pequeña izquierda, texto derecha

Título arriba, imagen grande derecha, texto izquierda

Título arriba, imagen pequeña derecha, texto izquierda

Título arriba, imagen grande izquierda, texto derecha

Título, texto, imagen

Título y texto izquierda, imagen pequeña derecha

Título y texto izquierda, imagen grande derecha

Título y texto derecha, imagen pequeña izquierda

Título y texto derecha, imagen grande izquierda

Imagen, encabezamiento y texto

Título y texto

Solo título

Solo texto

Solo imagen

Imagen con opción de zoom

Caja de icono

Destacado

As páxinas web deste contido son:

[Sección de contidos](#)

[Exemplos de configuracion da Sección de contidos](#)

Información de contacto

Contido que se basea na información persoal ou institucional e que dispón de varias formas de visualización diferente.

ci_00020.xml

/seinfo/.content/contacts/ci_00020.xml [gl]

Perfil

Información del contacto

Tipo de contacto

Organización / Compañía

Nombre de la organización / compañía

Nombre de la persona de contacto

+

Puesto

Descripción

Imagen

+

Enlace

+


ci_00020.xml
 /seinfo/.content/contacts/ci_00020.xml [gl]

Perfil
 Información del contacto

Contacto

Dirección +

Teléfono

Móvil

Fax

Correo electrónico +

Título de la galería

Os apartados indicados cun + significan que non están activos pero se poden activar (a imaxe e o enlace funcionan igual que a sección de contido).

A ventá de configuración é esta:

Configuración do elemento
×


José Juan González Meizoso [Técnico en informática]
 /seinfo/.content/contacts/ci_00020.xml

Formatters

Información de contacto en una columna

Settings

Contenedor de CSS	(no seleccionado) 
Efecto de imagen	Sin efecto
Mostrar enlace	No mostrar el enlace
Estilo de etiqueta	Usa texto para etiquetas
Mostrar dirección	Muestra la dirección con un clic
Mostrar puesto	☒
Mostrar organización	☒
Mostrar descripción	☒
Mostrar teléfono	☒
Mostrar correo	☒
Descargar vCard	☐

OK Cancelar

Tamén ten moitas opcións para visualizar de xeito diferente, tanto para mostrar ou ocultar algunha información como para a forma de ver os enlaces, efectos na imaxe, o funcionamento das etiquetas etc.

A páxina web deste contido é:

[Contacto e exemplos de configuración](#)

Secuencia de enlaces

Listaxe de enlaces que poden aparecer nunha liña ou nunha columna.

Definimos o Título e o Texto e despois imos poñendo máis enlaces co botón de **Añadir** ().

A ventá de configuración é esta:

E deixa cambiar o *Formatter* e a *Visualización* para obter distintas formas de acabado.

A páxina web deste contido é:

[Secuencia de enlaces e exemplos de configuración](#)

Localización

Actualmente este contido non está activo.

Para poñer mapas de localización facémolo a través dun Contido Flexible, engadindo extraído do código do Google Maps.

Galería de imágenes


Permite mostrar de varias maneiras as imaxes dunha carpeta onde previamente as tiñamos subidas.



Formulario de configuración de la galería de imágenes. El formulario está dividido en varias secciones:

- Header:** Muestra el nombre del archivo 'imggal_00001.xml' y su ruta: '/seinfo/.content/imagegalleries/imggal_00001.xml [gl]'.
- Título:** Un campo de texto con el valor 'Nova galería de imaxes'.
- Carpeta de imágenes:** Un campo de selección con un icono de carpeta a la derecha.
- Título de la galería:** Un campo de texto vacío.

Escribimos o título e seleccionamos a carpeta (). Podemos definir diferentes visualizacións na configuración:



Ventana de configuración del elemento. El título de la ventana es 'Configuración del elemento'. El contenido de la ventana es:

- Header:** Muestra el nombre del archivo 'Pagina Uno: Nova galería de imaxes' y su ruta: '/seinfo/.content/imagegalleries/imggal_00001.xml'.
- Ocultar título:** Un checkbox desactivado.
- Contenedor de CSS:** Un campo de texto vacío.
- Configuración de la galería:** Un campo de selección con el valor '1 imagen en XS - 2 en SM, MD y LG'.
- Imágenes por página:** Un campo de texto con el valor '12'.
- Mostrar el título de la imagen:** Un checkbox activado.
- Mostrar copyright de la imagen:** Un checkbox activado.
- Carga automática activa:** Un checkbox activado.

En la parte inferior de la ventana hay dos botones: 'OK' y 'Cancelar'.

Na *Configuración* da galería permite cambiar como se ven esas imaxes. Tamén se pode cambiar o número de imaxes por páxina.

A páxina web deste contido é:

[Galería de imaxes e exemplos de configuración.](#)

Slider simple

É una animación na que se mostran una serie de imaxes que poden ter texto e/ou enlaces.

sl_00001.xml
/seinfe/.content/sliders/sl_00001.xml [gl]

Configuración
Imágenes

Título
New simple slider

Retardo
5 Segundos

☒ **Mostrar la línea de tiempo**
☒ **Mostrar números**
☐ **Mostrar navegación**
☐ **Mostrar botón de play**

Color de texto

#FFFFFF

Color de fondo del texto

Posición de la caja de texto
+

Altura de imagen
277

Título de la galería

sl_00001.xml
/seinfe/.content/sliders/sl_00001.xml [gl]

Configuración
Imágenes

Imagen
+

Ruta

Enlace

☐ *Abrir enlace en una nueva ventana*

Título del texto

Línea de texto 1

Línea de texto 2

Copyright

Posición de la caja de texto
+

Na primeira pestana definimos os parámetros xerais da presentación e na segunda imos engadindo as imaxes que precisemos.

A ventá de configuración é esta:

Configuración del elemento

Pagina Uno: Slider simple

/seinfo/.content/sliders/sl_00001.xml

Formatters

Slider por defecto

Settings

Ocultar título

☒

Mostrar copyright de la imagen

☒

OK

Cancelar

Aquí non temos moitas opcións xa que a maioría quedan definidas na pestana dos parámetros da presentación, pero podemos cambiar o *Formatter* e decidir sobre títulos e copyright.

A páxina web deste contido é:

[Slider simple e exemplos de configuración.](#)

Slider complexo

O funcionamento é moi parecido ao *Slider simple*, pero aquí temos control da transición sobre cada unha das diapositivas, o retardo etc.

slx_00001.xml

/seinfo/.content/sliders/slx_00001.xml [gl]

Configuración general

Elementos del slider

Título

New complex slider

Duración

9

Anchura

960

Altura

500

Título de la galería


slx_00001.xml
 /seinfo/.content/sliders/sl_x_00001.xml [gl]

Configuración general

Elementos del slider

Elemento del slider

Imagen

Transición

fade

Cajas divisorias

5

Retardo

300

Enlace

Leyenda

Elemento del slider

Imagen

Transición

fade

Cajas divisorias

5

Retardo

300

Enlace

Leyenda

Neste caso tamén podemos definir tanto a altura como a anchura da presentación. Na ventá de configuración temos o seguinte:

Configuración del elemento


Página Uno: New complex slider
 /seinfo/.content/sliders/sl_x_00001.xml

Contenedor de CSS

Ocultar título

☒

Mostrar copyright de la Imagen

☒

OK

Cancelar

A páxina web deste contido é:

[Slider complexo](#)

Contenido flexible

Este tipo de contido serve para introducir código (que normalmente é HTML) e polo xeral depende de servizos externos (por exemplo o código para inserir un vídeo de Youtube).

fc_00008.xml

/seinfo/.content/flexiblecontents/fc_00008.xml [g]

Título

New flexible content

Código

La página necesita recargarse.

Título de la galería

Como este tipo de contido é moi específico non hai máis que poñer o título e o código directamente. A ventá de *Configuración* tampouco ten moitas opcións:

Configuración del elemento

Página Uno: Nuevo video

/seinfo/.content/flexiblecontents/fc_00008.xml

Ocultar título

☐

Contenedor de CSS

OK

Cancelar

Este sería un exemplo para poñer un vídeo de Youtube (o código inserido sácase da propia páxina de Youtube):

fc_00008.xml

/seinfo/.content/flexiblecontents/fc_00008.xml [g]

Título

Video presentación de la UDC

El título del elemento flexible. Puede ocultarse en configuración. x

<iframe width="560" height="315" src="https://www.youtube.com/embed/EqjjwLMeJZo" frameborder="0" allow="accelerometer; autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>

La página necesita recargarse.

Título de la galería

A páxina web deste contido é:

[Contido flexible.](#)

Redes sociales

Serve para indicar as iconas coas que o usuario podería compartir nas súas redes sociais a páxina onde se atopa.

 **sh_00001.xml**
/seinfo/.content/shariffs/sh_00001.xml [gl]

Título

Mostrar redes sociales

☐ Correo electrónico (requiere configuración adicional)
☐ Whatsapp
☐ Xing
☐ LinkedIn
☒ Google Plus
☒ Facebook
☒ Twitter

Configuración del correo electrónico +

Título de la galería

Permite definir varias redes sociais onde poder saír, ao igual que un correo electrónico.

A ventá de configuración é a seguinte:

Configuración del elemento ×

 **Pagina Uno: Compartir**
/seinfo/.content/shariffs/sh_00001.xml ≡

Contenedor de CSS	
Ocultar título	☐
Tema de color	Símbolos grises ▶
Orientación	Horizontal ▶
Texto 'Compartir'	No muestra el texto ▶
Forma de botón	Cuadrado ▶

OK

Cancelar

Que permite cambiar os símbolos en tema da cor, a orientación, a forma do botón e o texto "Compartir".

A páxina web deste contido é:

[Compartir en redes sociais.](#)

Acordeón simple


Con este tipo de contido podemos usar un mesmo espazo na páxina web para mostrar varios contidos do mesmo tipo, referenciados por un índice.

 **ts_00001.xml**
/seinfo/.content/tabsimple/ts_00001.xml [gl]

Título

Elemento +

Esta é a ventá inicial ao editar por primeira vez este tipo de contido. O título é o xeral do acordeón. Para engadir elementos temos que ir pinchando no botón de Añadir () e completar o contido (ten as mesmas opcións que unha sección de contido)



ts_00001.xml
/seinfo/.content/tabsimple/ts_00001.xml [gl]

Título
Opciones varias

Elemento

Etiqueta: Uno

Contenido

Título: Este es el primero

Texto: Primero

Imagen

Enlace

Elemento

Etiqueta: Dos

Contenido

Título: Este es el segundo

Texto: Segundo

Imagen

Enlace

A lista de elementos pode ser tan grande como queiramos. A ventá de *Configuración* é esta:



Configuración del elemento

Opciones varias
/seinfo/.content/tabsimple/ts_00001.xml

Formatters
Tab Simple: Pestañas

Settings
Mostrar título: Subrayado
Contenedor de CSS:

OK Cancelar

Permite cambiar o *Formatter* e se se mostra o título e como.

Acordeón

É análogo ao *Acordeón simple*, pero cunha diferenza: podemos crear as pestanas que queiramos e cada pestana pode ser un tipo de contido diferente.



The screenshot shows the initial configuration window for an accordion element. At the top, it displays the file name 't_00002.xml' and the path '/seinfo/.content/tabs/t_00002.xml [gl]'. Below this, there are four input fields: 'Título' (Title) with the value 'New Tabs / Accordion element', 'Etiqueta de pestaña' (Tab label) with the value 'Label', another 'Etiqueta de pestaña' with the value 'Label', and 'Título de la galería' (Gallery title) which is empty. Each of the three input fields has a circular icon with a dot to its right.

Así se mostra na situación inicial.



The screenshot shows the configuration window after adding three tabs. The 'Título' field now contains 'Acordeon'. The three 'Etiqueta de pestaña' fields now contain 'Uno', 'Dos', and 'Tres' respectively. The 'Título de la galería' field remains empty. Each of the three input fields has a circular icon with a dot to its right.

E así queda con tres elementos introducidos. Una vez rematada, cada unha das etiquetas é como un espazo baleiro onde temos que usar o modo *Template* e despois engadir o tipo de contido que máis nos conveña. Aquí temos que pensar que a orde real dos compoñentes é a que decidimos no modo *Template* e cando engadimos os contidos. As etiquetas son soamente informativas.

A ventá de configuración é esta:



The screenshot shows the 'Configuración del elemento' (Element Configuration) dialog box. It has a title bar with a close button. Inside, there's a header section with a file icon, the title 'Pagina Uno: Acordeon', and the path '/seinfo/.content/tabs/t_00002.xml'. Below this, there are two sections: 'Formatters' with a dropdown menu showing 'Pestañas en una fila', and 'Settings' with a checkbox for 'Ocultar título' (Hide title) and a text input field for 'Contenedor de CSS' (CSS container). At the bottom, there are two buttons: 'OK' and 'Cancelar'.

Que permite cambiar o *Formatter* e ocultar o título.

Lista UDC de contenidos

Tipo de contido que serve para poder usar o sistema de novas nunha determinada páxina.

NOTA IMPORTANTE: ESTE CONTIDO DEBE SER USADO POR USUARIOS DE ADMINISTRACIÓN.

Mover contidos

Calquera destes tipos de contido pódese mover entre os distintos contedores que creamos coa fila de deseño, sempre que o espazo exista.

Isto faise co botón de *Mover* () e explícase na parte de [Reposicionamento](#).

As galerías de documentos e imaxes: subir e xestionar os contidos que queremos compartir co mundo


O noso sitio web vai ser un conxunto de páxinas, imaxes e outros documentos que podemos enlazar desde as páxinas. As páxinas xa estamos vendo como se crean e como se modifican. Agora o que necesitamos é unha forma de poder subir esas imaxes e eses documentos que temos no noso ordenador pero que é necesario que se atopen no servidor para que o resto do mundo os poida ver.

O primeiro que temos que saber é que os contidos que imos subir ímolos dividir en dous grupos, cada un con unha carpeta base que os conterá:

- `_galeria_imgs` -> Para as imaxes (formatos gráficos: jpg, png, gif etc.)
- `_galeria_down` -> Para o resto dos documentos (formatos habituais: pdf, xls, doc, odf etc)

As galerías

Para acceder ás galerías temos que pinchar co rato no botón da barra principal do OpenCms.



Pinchando neste botón vaise abrir unha ventá como esta:



Na que por defecto se abre o filtro de Galerías, que mostra todas as galerías que temos dadas de alta no noso sitio web, máis a nosa recomendación é usar o filtro de Carpetas, xa que nos ofrece un xeito máis parecido de traballar cos arquivos do noso ordenador.

Portal Web UDC

Tipos Galerías Categorías **Carpetas** Avanzado Resultados

Filter

☐	udc	Universidade da Coruña
☐	proxecto_00_curso	Proxecto do profesor
☐	proxecto_01_facultad	Facultade de Paleontoloxía
☐	proxecto_02_departamento	Departamento de Anatomía Patolóxica
☐	proxecto_03_master	Máster en Producción de contidos para Youtube
☐	proxecto_04_catedra	Cátedra Ramón Pérez de Consultoría Industrial
☐	proxecto_05_grupo	Grupo de Investigación en Entomoloxía e Biodiversidade
☐	proxecto_06_servizo	Servizo de Valoración da Oferta Académica
☐	proxecto_07_oficina	Oficina de Reprografía Universitaria
☐	proxecto_08_edificio	Edificio Via Lucus
☐	proxecto_09_centro	Centro de Estudos de Linguas Mortas
☐	proxecto_10_unidade	Unidade de Xestión de Resíduos
☐	publicaciones	publicaciones
☐	seinfe	Área de Servizos de Información e Xestión de Indicadores
☐	.content	.content
☐	_galeria_down	seinfe
☐	_galeria_imgs	seinfe
☐	axd	axd
☐	equipo	Equipo
☐	localizacion	Localización
☐	p	Pruebas
☐	para-curso	Para curso
☐	servizos_principais	servizos_principais

Aquí podemos ver todas as carpetas ás que temos acceso. Para abrir e ver o contido dunha carpeta determinada temos que usar a icona de *Buscar contenido* () ou pinchar sobre o nome da carpeta.

Tipos Galerías Categorías **Carpetas** Avanzado Resultados


Carpetas: /sites/udc/seinfe/_galeria_down/servizos_principais/ Idioma: gallego

Fecha descendente

Mostrando 30 de 30 resultados

	peticion_Opencms	jose.gonzalez.meizoso / 15-ene-2019 9:33:51
	peticion_Opencms_ftpweb	jose.gonzalez.meizoso / 15-ene-2019 9:33:51
	solicitud_aloxamento_web_ga	Admin / 13-nov-2014 9:11:42
	UDCmanual_editores	Admin / 09-mar-2011 13:07:01
	UDCmanual_editores_g	Admin / 09-mar-2011 13:07:01
	AltaWeb	Admin / 29-oct-2010 12:02:12
	nvu03	Admin / 01-sep-2010 13:12:55
	nvu02	Admin / 01-sep-2010 13:12:40
	nvu01	Admin / 01-sep-2010 13:12:22
	fp02	Admin / 01-sep-2010 13:12:05
	dw03	Admin / 01-sep-2010 13:11:50
	core03	Admin / 01-sep-2010 13:11:34
	core01	Admin / 01-sep-2010 13:11:19
	dw02	Admin / 01-sep-2010 13:08:36

Ésta é a vista se seleccionamos unha galería de descarga (que está dentro de _galeria_down)




Esta é a vista se escollemos unha galería de imaxes (que está dentro de _galeria_imgs)

Subir contidos desde as galerías

Desde as galerías podemos subir contidos, previo a enlazalos desde calquera páxina. Para iso temos que abrir as galerías pulsando no botón da barra principal. Despois abrimos ben o filtro de Galerías ou ben o de Carpetas e colocando o rato sobre a liña que indica a carpeta onde queremos subir o contido, pulsar sobre a icona de *Subir a la carpeta...* (). Unha vez que o pulsamos sae unha ventá para seleccionar o arquivo no noso ordenador.

NOTA IMPORTANTE: temos que ter coidado cos documentos ou imaxes que queiramos subir. TODO ten que ter a extensión correcta (.jpg, .pdf, .doc, .xls ...) xa que é a forma que ten o OpenCms de recoñecer o tipo de arquivo que queremos subir. Se subimos un arquivo sen extensión ao xestor este non se verá cando intentemos engadilo na nosa páxina web.

Ao seleccionar un ou varios arquivos sae a seguinte ventá:



No caso de subir á galería de descarga

Upload files to /sites/udc/seinfe/_galeria_imgs/

Please use the "Add more files..." button to append more files to the list of files to upload. You can also deselect files by uncheck the checkboxes in front of the file items.

☒

 barra_edicion.jpg
25 KB (image)

Files to upload: 1 fichero selected (25 KB)

Add more files...

OK

Cancelar

No caso de subir á galería de imaxes. Unha vez que pulsemos **OK** o arquivo ou arquivos subiranse ao servidor e xa poderemos poñer as propiedades:

Properties

0110

DWH_datos

/seinfe/_galeria_down/DWH_datos.xlsx

File name

DWH_datos.xlsx

Título en gallego

DWH_datos

Descripción

Texto de navegación en gallego

Copyright

Título en español

Texto de navegación en español

Palabras clave

Apollo Theme CSS

Título en inglés

Finish

Properties


barra_edicion
 /seinfo/_galeria_imgs/barra_edicion.jpg

File name	barra_edicion.jpg
Título en gallego	barra_edicion
Descripción	
Texto de navegación en gallego	
Copyright	
Título en español	
Texto de navegación en español	
Palabras clave	
Apollo Theme CSS	
Título en inglés	

Finish

Tanto para imaxes como para outros arquivos.

NOTA IMPORTANTE: por tema de [Accesibilidade](#), é moi conveniente introducir a descrición de arquivos e sobre todo de imaxes.

Una vez que pulsamos en *Finish* o arquivo ou imaxe xa está subido e podemos enlazalo desde calquera páxina.



O punto vermello significa que este contido aínda non está publicado, pero cambiará no momento no que se enlace desde algunha páxina e esta se publique.

Subir contidos desde a edición dun contido

Aquí temos que distinguir entre documentos e imaxes.

Para os documentos o primeiro que temos que facer é seleccionar o texto no que vai ir o enlace. Despois pinchamos sobre a icona de *Galería de descarga* () o que fai que se abra a ventá de galería. Desde aquí é o mesmo procedemento que [subir desde Galerías](#).

Para as imaxes primeiro colocámonos no lugar onde queremos a imaxe. Despois pinchamos sobre a icona de *Galería de imaxes* () abrindo as galerías. Desde aquí é o mesmo procedemento que [subir desde Galerías](#).


Reutilización, Reposicionamento e Copiar unha páxina

A reutilización é un concepto que é fácil de comprender agora que sabemos que unha páxina web se compón dunha estrutura e duns contidos. A estrutura da páxina vai permanecer sempre, pero os contidos poden variar. A vantaxe que imos ter é que eses mesmos contidos podemos usalos en varias páxinas web diferentes, incluso con diferentes estruturas, xa que ao ser independentes, os contidos sempre se van adaptar alí onde os poñamos.

O reposicionamento simplemente é unha característica dos contidos, que se poden situar en calquera dos contedores baleiros.

Reutilizar

Para poder reutilizar un contido en lugar de pinchar na icona de *Crear un nuevo contenido* () pinchamos sobre o contido mesmo. Se hai creado algún contido dese tipo, sairá na listaxe. Este é un exemplo se pinchamos sobre a sección de contido:




Agora si que podemos pinchar sobre a icona de *Mover a la página* () e colocalo de xeito habitual.

NOTA IMPORTANTE: os contidos que usemos deste xeito non serán novos, senón os mesmos que se crearon no seu momento. Isto quere dicir que se facemos un cambio en calquera das páxinas onde usemos ese contido o cambio afectará a todas as páxinas. Isto pode ser moi interesante en contidos que se queren incluír nun gran número de páxinas de forma repetida. Se hai que cambiar algo no contido non haberá que entrar en todas as páxinas, bastará con cambiar o contido nunha delas e o resto reflectirán o cambio.

Reposicionar

Para reposicionar un contido o único que temos que facer é pinchar sobre a icona de *Mover a la página* () é sen soltar o botón esquerdo do rato, buscar o lugar de destino e unha vez alí soltar o botón do rato.




O contido adaptárase ao novo contedor.

Copiar unha páxina

Para copiar unha páxina temos que estar no *Sitemap* no modo de visualización *Mostrar sólo navegación*. Unha vez aí colocámonos coma sempre sobre á páxina que queremos copiar, abrimos o menú (☰) e seleccionamos "Copy page":



Cando pulsamos abre unha nova ventá:




Aquí temos que engadir en "Target" o nome do novo recurso. En "Copy mode" podemos deixalo en automático, *Copy elements* ou *Reuse elements*. Nos dous primeiros casos (xa que a opción por defecto é *Copy elements*) o OpenCms fai unha copia exacta do contido da páxina noutro novo contido, co que os cambios nunha e noutra páxina non se afectarán entre eles. Coa opción de *Reuse elements* o que se fai é crear una nova páxina pero cos contidos da primeira referenciados, é dicir, que un cambio en calquera dos contidos dalgunha das dúas páxinas vai afectar á outra.

NOTA IMPORTANTE: este procedemento de copia só funciona cunha páxina, non cunha árbore ou unha rama da árbore da nosa estrutura. Se facemos este procedemento sobre unha árbore ou unha rama o único que conseguiremos é copiar o ficheiro índice desa determinada rama.

Novas: creación e modificación

O sistema para poder introducir novas dentro de calquera sitio web vén por defecto desactivado, aínda que se pode activar solicitándoo a seinfo@udc.es. Unha vez activado sae na parte inferior da nosa páxina principal un contedor coas noticias e unhas iconas para poder introducir novas e editalas.

Unha vez que se instala o sistema de novas na páxina web aparece unha nova liña de contido ao final da páxina principal (ou no lugar onde se indicara) no que van aparecer como mínimo dúas dianas (🎯), unha para modificar o contedor das novas, outro para poder engadir novas e outro por cada nova que apareza:



Se editamos o contedor (a diana que está máis arriba á esquerda) ábrese unha ventá:

A screenshot of a modal window titled 'Proxecto do profesor: Actualidade'. It contains two input fields: 'Headline' with the value 'Actualidade' and 'Caducidad de las noticias' with the value '24'. There are icons for editing and deleting at the top right.

Aquí podemos modificar o título do contedor das novas e a caducidade por defecto das novas.

A seguinte diana, un pouco máis abaixo e á dereita, serve para engadir unha nova. Co botón de *Añadir* (



) engadimos unha nova. Ábrese entón unha ventá con tres pestanas:

A screenshot of a modal window titled 'news_00007.xml'. It has three tabs: 'Noticia' (selected), 'Disponibilidad', and 'Descripción'. The 'Noticia' tab contains several input fields: 'Título', 'Entradilla', 'Imagen', 'Texto', 'Enlace', 'Documento', 'Enlace de redirección', and 'Referencia de noticias relacionadas'. There are plus icons (+) next to 'Imagen', 'Enlace', and 'Documento'.

Aquí poñemos os datos xerais da nova. O funcionamento é o mesmo que o dunha sección de contido.

 **news_00007.xml**
/proxecto_00_curso/.content/news-history/news_00007.xml [gl]

Noticia Disponibilidad Descripción

Fecha
06/06/2019 02:31 AM
Fecha de finalización

Aquí indicamos desde cando ata cando vai estar visible esta nova. Se a data de finalización está en branco significa que non caduca e vai estar sempre visible.

Aquí tamén podemos seleccionar unha noticia como destacada marcando a opción *Chincheta* (noticia destacada). Isto fai que ese noticia apareza sempre en primeiro lugar. No momento que non se queira destacar hai que volver editar a noticia e desmarcar esta opción.

 **news_00007.xml**
/proxecto_00_curso/.content/news-history/news_00007.xml [gl]

Noticia Disponibilidad Descripción

Etiquetas

Asignar categorías

Tree

☐ Académica etiquetas/academica/
☐ Biblioteca etiquetas/biblioteca/
☒ ☐ Bolsas e axudas etiquetas/bolsas/
☐ Bolsas do Ministerio etiquetas/bolsas/ministerio/
☐ Outras bolsas e ax... etiquetas/bolsas/outras/
☐ Bolsas propias etiquetas/bolsas/propias/
☐ Bolsas da Xunta etiquetas/bolsas/xunta/
☐ Cursos e formación etiquetas/cursos/
☐ Eleccións etiquetas/elecciones/
☒ ☐ Emprego etiquetas/emprego/
☐ Persoal Investigaci... etiquetas/emprego/capitulo6/
☐ ... etiquetas/.../

Aquí escollemos as etiquetas que identifican esta nova. As etiquetas serán referidas ao contido, non ao grupo de usuarios a quen vai dirixido. Isto é necesario sobre todo para o correcto ordenamento e a busca dentro do portal de Novas. O número ideal será de dúas ou tres etiquetas.

Todas as novas que engadamos ao noso sitio web saen no portal de Novas da UDC: <https://novas.udc.es>

NOTA IMPORTANTE: as novas non hai que borrarlas, só caducalas, así permanecerán no sistema para que nós as podamos consultar, pero desde fóra non se verán.

Diferencia entre contido modificado e contido publicado

Tal como xa vimos o OpenCms usa dous proxectos para a edición de contidos. O proxecto *Offline* é no que traballamos, que só nós podemos ver e que admite cambios. E o proxecto *Online* é o que está visible desde internet para todo o mundo e non se pode cambiar directamente. Só no momento no que decidimos que a nosa páxina está correcta, facemos a publicación que é un proceso que consiste en que o contido que se atopaba no proxecto *Offline* se grava no proxecto *Online* sendo agora a nova versión da páxina que se pode consultar.



O punto vermello sobre a icona de Información vainos indicar que unha páxina está pendente de publicación, é dicir, que o contido do proxecto *Online* e o de *Offline* son diferentes.

O proceso de publicación pódese facer desde moitos lugares pero sempre a través dunha mesma icona (



). Debemos ter en conta que o proceso de publicación non se vai realizar se nalgún momento o OpenCms detecta que hai enlaces rotos a algunha das súas páxinas. Primeiro teremos que romper ou amañar eses enlaces e despois poderemos publicar.

Accesibilidade

A [acesibilidade web](#) é un concepto que se leva usando desde hai bastante anos e significa que persoas con algún tipo de discapacidade poderán facer uso da web. Nun concepto máis amplo podemos dicir que a accesibilidade ten como obxectivo lograr que as páxinas web sexan utilizables polo máximo número de persoas, independentemente dos seus coñecementos ou capacidades persoais e independentemente das características técnicas do equipo utilizado para acceder a esa páxina web.

Este concepto de universalidade e accesibilidade vén dun requisito do creador da WWW, que dicía:

The power of the Web is in its universality. Access by everyone regardless of disability is an essential aspect (El poder de la Web está en su universalidad. El acceso por cualquier persona, independentemente de la discapacidad que presente es un aspecto esencial).

É por iso que temos que ser activos na toma de decisións sobre a nosa páxina web para que esta sexa accesible. Con estes consellos conseguiremos entre todos unha páxina web máis amable para os nosos visitantes:

- As imaxes deben levar unha descrición do que conteñen e no caso de ter un enlace, a descrición da nova páxina que se abrirá.
- En caso de existir unha mensaxe dentro da imaxe, esta debe incluírse tamén no corpo do texto. O mesmo pasa coas cores, se algunha información se transmite a través da cor tamén se debe incluír como texto.
- Usar unha linguaxe clara e apropiada.
- Intentar dividir os bloques longos de información en grupos máis manexables.
- Os enlaces deben levar un título describindo o enlace e a onde nos enviará. O texto do enlace debe ser o máis claro e descritivo posible.
- As táboas deben ter ben identificados os títulos das columnas.
- No caso de usar vídeos debería levar unha descrición do contido. Dentro do vídeo debería ser posible usar subtítulos.
- Usar combinacións de cores de fondo e primeiro plano cun contraste suficiente para que resulten lexibles.
- Intentar non usar enlaces con imaxes, preferibles son os de tipo texto.
- Usar elementos de encabezados para transmitir a estrutura lóxica do documento.
- Usar correctamente o marcador de citas. Non usalo como un recurso de presentación
- Intentar que todos os contidos dinámicos teñan un xeito de presentación alternativa (ou outra páxina coa información).
- Evitar compoñentes con pestanexo.
- Indicar de algún xeito que un enlace se vai abrir nunha nova ventá (texto entre parénteses, por exemplo).
- Non usar as táboas para maquetar. As táboas deben proporcionar información tabular.

Actualmente a páxina web da UDC ten un nivel de accesibilidade AA (dobre A) e iso é grazas a cumprir un mínimo de requisitos.

Enlaces para consultar:

[Introdución á accesibilidade web](#)

[Que é a accesibilidade web](#)

[A accesibilidade web](#)

Recomendacións para montar unha páxina

Recomendacións

Erros máis comúns

Erros máis comúns cometidos polos usuarios

FINAL